

Campus de Ourense

Facultade  
de Ciencias  
Empresariais  
e Turismo

Grao en Turismo

---

## Rama de coñecemento

---

Ciencias sociais e xurídicas

---



---

## Prazas

---

60

---



---

## Créditos ECTS anuais

---

60

---



---

## Créditos ECTS totais

---

240

---



---

## Descrición

---

O obxectivo fundamental do Grao en Turismo é formar profesionais especializados na xestión empresarial e no aproveitamento turístico de recursos naturais e culturais. Así, preparará o estudantado nos coñecementos globais de todas as áreas

---

relacionadas co turismo para adaptarse a roles e entidades relacionadas como a dirección de hoteis, axencias de viaxes e institucións públicas do sector, entre outros.

---



---

## Áreas

---

— Xestión e dirección: xestión de empresas turísticas; xestión e dirección de entidades públicas de carácter turístico; axencias de viaxes e operadores turísticos; xestión e dirección de parques temáticos, naturais e turismo de aventura; organización e prestación de servizos para congresos e convencións.  
— Promoción: deseño, comercialización e distribución de produtos turísticos, promoción de vendas destes produtos, relacións exteriores en empresas turísticas.  
— Desenvolvemento turístico: deseño e desenvolvemento de plans de desenvolvemento turístico, participación en plans de ordenación e políticas turísticas.

---

— Dinamización turística: información e fomento turístico, monitor/a de actividades, técnico/a en áreas relacionadas co ocio e o tempo libre, guía de turismo, intérpretes do patrimonio.  
— Consultoría e asesoría: sobre creación de infraestruturas no sector turístico, asesoría a empresas e a entidades con competencia en materias turísticas.

---



---

## Saídas profesionais

---

— Establecementos hoteleiros  
— Balnearios  
— Parques temáticos  
— Parques naturais

---

— Turismo especializado  
— Turismo temático  
— Axencias de viaxes

---



---

## + Info

---

O graduado/a en Turismo pode formar parte de cadros directivos das diferentes empresas e entidades turísticas existentes (públicas ou privadas). O turismo é un sector extremadamente diversificado: empresas de aloxamento e restauración, axencias de intermediación turística,

---

institucións de planificación e promoción turística, empresas de transporte e loxística, axencias de viaxes, empresas de servizos de ocio e lecer.

---